

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Asociación de funcionarios para a normalización lingüística, o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Asociación de funcionarios para a normalización lingüística para levar a cabo diversas actuacións encamiñadas a promover e potenciar o uso da lingua galega, especialmente no sector empresarial galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e nomeadamente, asegurar que nas administracións o galego sexa a lingua habitual e incrementar o uso da



lingua galega así como a atención á cidadanía en galego así como lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega e a promoción e difusión.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística dende hai anos traballan conxuntamente a prol da normalización do galego no ámbito empresarial galego, e o sector empresarial é un dos prioritarios no que se necesitan implantar unha serie de medidas para estender a presenza da lingua galega, así como para conseguir a súa proxección mediática en todas as relacións e ámbitos sociais.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Valentín García Gómez

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

